

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA



**RELACIÓN DE PERSOAS QUE
ASUMIRON A PRESIDENCIA DA
DEPUTACIÓN
(1836-2020)**

ARQUIVO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

As deputacións provinciais naceron inicialmente coa Constitución de 1812. O antecedente institucional inmediato da Deputación atópase na Xunta Suprema de Goberno da Provincia, que, por Decreto de 12 de abril de 1809, se converteu na Xunta Superior Política da Provincia. Estas xuntas provinciais existiron entre 1808 e 1813.

Nos inicios desta Corporación aparece ocupando o cargo da Presidencia a "xefatura política" da Provincia, denominada así na Lei de 3 de febreiro de 1823. Esta denominación sufrirá variacións ao longo do século XIX. A primeira delas figura no Real decreto de 30 de novembro de cando se lles denomina "subdelegados de Fomento", con atribucións moito máis limitadas. No Decreto de 13 de maio de 1834 recóllese o título de "gobernadores civís" de Provincia e na Lei de 2 de abril de 1845 vólvense denominar "chefes políticos".

Con todo, en virtude do Real decreto de 28 de decembro de 1849 suprimíronse os "intendentes" e as "xefaturas políticas" e creouse unha soa autoridade civil superior provincial, coa denominación de "gobernadores de provincia", coas mesmas atribucións políticas e administrativas que os "chefes políticos" e económicas que as dos "intendentes".

Nas sesións da Deputación o "gobernador" non sempre ocupaba a Presidencia da Corporación; isto débese a que non tiña a obriga de asistir a todas as sesións, tan só á reunión inicial das dúas reunións ordinarias que anualmente realizaba a Deputación, nas épocas que determinaba o Goberno e ás que cría oportuno. Estas dúas reunións duraban os días necesarios para concluír os traballos da Deputación. Ademais, tamén podían convocarse reunións extraordinarias.

Nas sesións nas que non estaba presente o gobernador, este delegaba as súas funcións en quen ostentase a Presidencia accidental ou interina.

A figura da Presidencia ao longo do século XIX e XX foi cambiando segundo a seguinte evolución legislativa:

*A Constitución de 1812, que establece que as deputacións provinciais estarán presididas polo "xefe superior político".

*O Decreto de 3 de febreiro de 1823, que aproba a Instrución para o goberno-económico político das provincias e que tamén dispón que a "xefatura política" ostentaraa a Presidencia da Deputación.

*O Real decreto de 21 de setembro de 1835, sobre o modo de construír e formar as deputacións, disposición pola que estas institucións se estableceron definitivamente ata hoxe, recolle que o gobernador civil ostentará a Presidencia nata das deputacións provinciais.

*A Lei de 15 de outubro de 1836, relativa ao Goberno político das provincias volve a denominar este cargo como “xefe político”

*A [Lei de 8 de xaneiro de 1845](#), que establece no seu artigo 4º que o “xefe político”, ou quen fixese as súas veces, ostentará a Presidencia nata da Deputación provincial. Cando non asista ás sesións presidirá o intendente e en ausencia de ambos o deputado de máis idade.

*A Lei de 25 de setembro de 1863, que dispoñía o seguinte:

“Artigo 9: cando o gobernador se ausente da provincia ou se lle imposibilite para exercer o seu cargo substituíralle interinamente a persoa que se designe por Real orde expedida polo Ministerio da Gobernación. En casos de urxencia o secretario do Goberno, os xefes de Facenda e o da sección de Fomento desempeñarán accidentalmente o Goberno da provincia. Se o gobernador se ausentase unicamente da capital continúa no exercicio de todas as súas atribucións desde o punto en que se atope, sen prexuízo de que o secretario do Goberno na parte política e administrativa, o administrador e contador de rendas na parte económica e o xefe de fomento no seu ramo, despachen e asinen todo o que sexa de mera tramitación. O que substitúa accidentalmente o gobernador, non poderá presidir a Deputación nin o Consello provincial.

Artigo 36: o gobernador presidirá a Deputación sempre que asista ás súas sesións.

Artigo 37: a Deputación provincial, no primeiro día de cada reunión ordinaria ou extraordinaria, nomeará de entre os seus individuos un presidente. Á falta de presidente desempeñará as súas funcións o deputado de máis idade.”

Por iso, a partir de 1864 haberá períodos nos que se solapan os cargos de gobernador-presidente e de presidente; este último tratarase dun deputado provincial elixido presidente entre as persoas integrantes que compoñen a Corporación.

A partir deste momento a función de control por parte do gobernador civil sobre a Deputación será menor.

*A [Lei orgánica provincial de 21 de outubro de 1868](#), que establece no seu artigo 27 que cando o gobernador non asista ás sesións, a Deputación será presidida por unha Vicepresidencia elixida pola Corporación de entre as persoas integrantes.

Esta mesma lei dispón no seu artigo 23.º.1 que o gobernador da provincia ostentará a Presidencia nata da Deputación e só terá voto para decidir os empates.

*A [Lei de 20 de agosto de 1870](#), que no relativo á Presidencia establecía:

“Artigo 10: o gobernador ten a Presidencia da Deputación Provincial, sen voto, cando asista ás súas sesións.

Artigo 13: en ausencia e imposibilidade do gobernador, será substituído en todas as súas funcións polo secretario do Goberno da provincia, excepto na Presidencia da Deputación e nas comisións provinciais.

Artigo 26: a Deputación provincial constitúese interinamente ocupando a Presidencia o vogal de máis idade e facendo de secretarios os dous máis novos de entre os presentes.

Artigo 28: aprobadas as actas, a Deputación procederá a constituírse definitivamente, elixindo no seu seo unha Presidencia, unha Vicepresidencia e dous secretarios ou secretarias para todas as sesións que deban celebrarse ata a renovación.

*A [Lei de 2 outubro de 1877](#), que lle dedica á Presidencia os seguintes artigos:

“Artigo 9: correspóndelle ao gobernador da provincia, como xefe superior da Administración, presidir con voto a Deputación provincial e a Comisión cando asista ás súas sesións, autorizar as súas actas e comunicar e executar os seus acordos.

Artigo 23: a Deputación Provincial constitúese interinamente ocupando a Presidencia o vogal de máis idade e facendo de secretarios os dous máis novos de entre os presentes.

Artigo 25: aprobadas as actas, a Deputación procederá a constituírse definitivamente, elixindo no seu seo un presidente, un vicepresidente e dous secretarios para todas sesións que deban realizarse ata a renovación.

*A [Lei de 29 agosto de 1882](#), que dispón no seu desenvolvemento o seguinte:

Artigo 28: correspóndelle ao gobernador da provincia, como xefe da Administración provincial, presidir con voto a Deputación provincial e a Comisión cando asista ás súas sesións, comunicar e executar os acordos da Deputación provincial.

Artigo 46: a Deputación Provincial constitúese interinamente ocupando a Presidencia o vogal de máis idade e facendo de secretarios os dous máis novos de entre os presentes.

Artigo 51: aprobadas as actas leves, a Deputación procederá a constituírse, elixindo no seu seo un presidente, un vicepresidente e dous secretarios para todas as sesións que deban realizarse ata a renovación. A documentación na que se basea este estudo demostrounos que na realidade a práctica político-administrativa non se adecúa totalmente á lexislación vixente en cada momento.

Ao longo dos anos son moitas as circunstancias que se dan en relación coa figura da Presidencia. Así, atopamos gobernadores interinos que presiden sesións de Deputación e presidentes accidentais de Deputación que son nomeados

gobernadores interinos. A partir da lexislación de 1870 aparece a elección dun presidente da Deputación, pero entendemos que é unha forma de normalizar quen ocupará a Presidencia nas sesións nas que está ausente o gobernador, xa que cando está presente sempre preside e asina as actas como gobernador-presidente.

Só a finais do século XIX aparecen por primeira vez diferenzas claras na documentación entre o cargo de gobernador do de presidente de Deputación. O gobernador asume un rol de presidente honorífico.

Normalmente coincide a data do cesamento dun e o nomeamento do seguinte, pero entre o nomeamento e a toma de posesión do cargo hai un intervalo de tempo no que pode seguir actuando o gobernador anterior ou encargarse do mando un gobernador interino ata a chegada do seguinte.

Outra posibilidade é que non se produza o cesamento senón que o gobernador se ausente da provincia e xa non volva, polo que se nomea directamente o seu sucesor e neste intervalo actúe un interino. Tamén pode ocorrer que se nomee un gobernador e este non chegue a tomar posesión do cargo, xa sexa porque non se presenta, renuncia ou porque se lle exonera deste.

*No [Estatuto provincial de 1925](#), aprobado no período da Ditadura de Primo de Rivera, atopamos por primeira vez na lexislación provincial a figura do presidente como órgano de Goberno unipersoal, independente do gobernador civil. As deputacións adquiren autonomía respecto do Goberno central e a Presidencia adquire plena autonomía e capacidade decisoria como órgano de Goberno.

A elección da Presidencia e Vicepresidencia, segundo o artigo 85.º do Estatuto farase na sesión constitutiva da Deputación por votación secreta entre os deputados.

A partir da proclamación da II República a Deputación provincial constituirase segundo o establecido no Decreto de 21 de abril de 1931, que dispón que o gobernador civil de cada provincia nomee unha Comisión xestora provincial para facerse cargo das deputacións provinciais.

O Decreto de 16 de xuño de 1931 do Ministerio da Gobernación restablecía a vixencia da Lei provincial de 1882.

Durante a Guerra Civil, na zona baixo o control do Goberno da República, créanse os consellos provinciais por Decreto do 23 de decembro de 1936.

Durante o franquismo o presidente da Deputación perderá autonomía. A Deputación tiña unha Presidencia propia nomeada polo gobernador civil nos primeiros anos e a partir da entrada en vigor da [Lei de bases de réxime local de 1945](#) a Presidencia da Deputación era nomeada e cesada polo ministro da Gobernación.

Reaparece a figura do “gobernador civil” como Presidencia nata da Deputación cando celebra as súas sesións, o que significa que se ve reducida a función da Presidencia.

Ademais, creouse a Comisión provincial de servizos técnicos que se fixo cargo de moitas atribucións das deputacións. Esta Comisión naceu a partir da Lei de bases do 17 de xullo de 1945, desenvolvida na Lei de réxime local do 16 de decembro de 1950. A Comisión provincial estaba presidida polo “gobernador civil” e dedicábase ao estudo e á resolución de plans para o desenvolvemento da cooperación provincial cos servizos municipais.

Coa normalización democrática, derivada especialmente da [Constitución de 1978](#), a partir do ano 1979 todas as persoas integrantes da Corporación provincial escóllense mediante proceso electoral democrático que ten lugar cada catro anos para renovar os concellos e as deputacións.

Na [Lei 7/185, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local](#) desenvólvese a figura actual da Presidencia e das súas atribucións.

A Presidencia da Deputación é elixida polo Pleno, entre as deputadas e deputados que compoñen a institución provincial en sesión constitutiva.

Para a elaboración da lista cronolóxica relativa á evolución da Presidencia, que se mostra a continuación, utilizáronse basicamente como fontes documentais os libros de actas das sesións do Pleno da Deputación, da Comisión Xestora, da Comisión Permanente, da Comisión de Goberno e da Xunta de Goberno, así como o *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra*.

Relación completa das persoas que ocuparon a Presidencia da Deputación de Pontevedra

NOME	Gobernador civil	Presidente	Data inicial	Data final
Miguel del Pino	Xefe político		12-2-1836	
Francisco Javier Martínez	Xefe político		27-6-1836	
José Valladares (interino)		Presidente	11-10-1836	
Miguel del Pino	Xefe político		04-11-1836	
Manuel Gutiérrez de Caviedes	Xefe político		25-3-1837	
Rafael Pérez de Guzmán el Bueno	Xefe político		12-1-1838	
José Valladares	Xefe político		31-1-1839	
Pedro Donoso Cortés	Xefe político		4-12-1839	
José Díez Imbrechts, (interino)	Xefe político		20-7-1840	
Francisco Javier Carramolino	Xefe político		1-9-1840	
Ramón Novoa	Xefe político		2-12-1840	
Juan Falomir	Xefe político		22-9-1841	
José Carlos de la Fuente	Xefe político		24-12-1842	
Juan Falomir	Xefe político		12-6-1843	
Ramón García Flórez	Xefe político		6-8-1843	
Ventura Díaz	Xefe político		7-9-1843	
Ramón Romero López Vázquez		Intendente	28-10-1844	
Antonio Tojo	Xefe político		6-12-1844	
Domingo García Varela	Intendente	Intendente	24-1-1845	
Ventura Díaz	Xefe político		13-11-1845	
Lorenzo Varela Sarmiento (interino)	Xefe político		11-3-1846	
Francisco Páez de la Cadena (interino)	Xefe político		16-8-1847	
Joaquín del Rey (interino)	Xefe político		16-9-1848	
Juan de los Santos Méndez	Gobernador civil		10-4-1850	
Juan Sáiz de Arroyal	Gobernador civil		13-8-1851	
José María Michelena	Gobernador civil		2-4-1852	
José María Delgado	Gobernador civil		22-10-1852	
José Ulloa Pimentel	Gobernador civil		8-4-1853	
José María Michelena	Gobernador civil		10-5-1853	
José María Palarea	Gobernador civil		12-11-1853	
Juan Manuel Pereyra	Gobernador civil		20-8-1854	
Manuel Somoza y Cambero	Gobernador civil		3-3-1855	
Manuel Alcayde	Gobernador civil		30-7-1856	
Bartolomé Romero Leal	Gobernador civil		26-9-1856	17-10-1856
Luciano Quiñones de León	Gobernador civil		12-12-1856	8-10-1857
Francisco del Busto	Gobernador civil		8-12-1857	
José Oller y Menacho	Gobernador civil		20-4-1858	1-6-1858
José (Pedro) María Pardo (interino)	Gobernador civil		18-7-1858	
Ramón María Suárez	Gobernador civil		22-8-1858	
Marcial Valladares (interino)	Gobernador civil		27-11-1858	2-12-1858
Ramón María Suárez	Gobernador civil		25-2-1859	
Manuel Núñez de Prado (interino)	Gobernador civil		14-11-1859	

Ramón María Suárez	Gobernador civil		15-2-1860	
José Corzo	Gobernador civil		1-9-1861	
Cosme Arrea Errea	Gobernador civil		13-3-1862	
José Mateo de Urrutia	Gobernador civil		17-5-1862	
Genaro Alas	Gobernador civil		1-3-1863	
Francisco Martínez Mondelo	Gobernador civil		30-6-1863	
Vicente Calderón, Conde de San Juan	Gobernador civil		12-12-1863	
Ramón Martínez Saco		Presidencia	1-1-1864	10-5-1864
José Espinosa		Presidencia	5-8-1864	
Ramón Martínez Saco		Presidencia	6-10-1864	29-12-1865
Vicente Calderón	Gobernador civil		1864	
Joaquín Maldonado	Gobernador civil		1864	
José López	Gobernador civil		1864	
Juan Pérez Rey	Gobernador civil		1865	
Eduardo Gasset y Artime	Gobernador civil		1865	
Manuel Mosquera (interino)	Gobernador civil		1865	
Ramón Villar González		Presidencia	1-2-1866	
Joaquín Yañez Rodríguez		Presidencia	12-4-1866	
Joaquín Ángel		Presidencia	28-5-1866	27-7-1866
Ramón de Posada	Gobernador civil		1866	
Manuel Mosquera	Gobernador civil		1866	
Juan Pérez Rey	Gobernador civil		1866	
Manuel Cea y Gándara		Presidencia	1-1-1867	24-4-1867
Juan Pérez Rey	Gobernador civil		1866-1867	
Daniel Moraza	Gobernador civil		1867	
José Urrutia Caballero		Presidencia	28-7-1867	30-10-1867
Antonio Baena			28-7-1867	1868
Agustín Cobián de Seijas	Gobernador civil	Presidencia	25-11-1867	
Manuel Ogando Tojo		Presidencia	29-2-1868	
Pedro María Pardo Vilariño		Presidencia	16-4-1868	
José Pimentel y Miranda, Marqués de Bóveda	Gobernador civil		16-4-1868	
Ramón de la Maza		Presidencia	18-7-1868	24-09-1868
Indalecio Armesto (Interino)		Presidencia	27-10-1868	
Manuel Otero		Vicepresidencia		
Vicente Lobit	Gobernador civil		5-11-1868	
José Quiroga Losada		Presidencia	25-11-1868	
Eugenio Alau Comas	Gobernador civil	Presidencia	23-3-1869	
Baltasar Genme Fuentes	Gobernador civil		25-8-1869	
Fausto Garagarza	Gobernador civil		26-3-1870	
José Quiroga	Gobernador civil	Presidencia	26-3-1870	
Miguel Vidal López		Presidencia	22-2-1871	
Francisco Pereira		Presidencia	22-4-1871	
Cayetano Taboada Sotelo		Presidencia	28-7-1871	
Francisco Fernández Anciles		Presidencia	12-8-1871	07/11/1871
Pedro Manuel Trobo Cora	Gobernador civil	Presidencia	28-2-1873	
Alves	Gobernador civil		6-4-1874	
Manuel G. Barquin	Gobernador civil		1874	
Luis Rivera	Gobernador civil		1874	
Manue Bárcena Franco		Presidencia	6-4-1874	

Benito María de Oca		Presidencia	26-7-1974	
Alejandro Marquina Álvarez	Gobernador civil	Presidencia	26-7-1874	
Basilio María de Oca		Presidencia	26-7-1874	
Miguel de Uhagón		Presidencia	12-3-1875	
Evaristo Pérez de Castro		Presidencia	21-3-1877	
Víctor Novoa Limeses	Gobernador civil	Presidencia	21-3-1877	
Sabino González Besada		Presidencia	28-12-1877	
Evaristo Pérez Castro		Presidencia	4-11-1878	
Filiberto Abelardo Díaz	Gobernador civil		4-11-1878	
Eduardo Matos Santos		Presidencia	16-3-1881	
Francisco Javier de Mugartegui		Presidencia	26-4-1881	
Pascual Menéndez (accidental)	Gobernador civil		26-4-1881	
Eduardo Matos Santos	Gobernador civil		26-4-1881	
Ramón Romero López (accidental)		Presidencia	14-11-1882	
Francisco Javier de Mugartegui		Presidencia	3-1-1883	
Sabino González Besada	Gobernador civil		3-1-1883	
Ramón Romero López		Presidencia	8-7-1884	
Agustín Cobián de Seijas		Presidencia	4-11-1884	
Eduardo Matos Santos		Presidencia	5-11-1886	5-11-1888
José María Guerra Cobián		Presidencia	5-1-1891	4-11-1892
Eugenio Fraga Mascato		Presidencia	5-11-1894	
Sabino González Besada		Presidencia	4-11-1896	7-2-1898
José Areal		Presidencia	1-4-1898	2-4-1898
José Vidal González		Presidencia	3-11-1898	4-11-1898
Gumersindo Otero García		Presidencia	5-11-1898	17-2-1899
José Boente Sequeiros		Presidencia	24-4-1901	24-4-1901
José María Vidal González		Presidencia	22-4-1903	22-4-1903
Gumersindo Otero García		Presidencia	24-4-1905	24-4-1905
Antonio López de Neira		Presidencia	24-4-1905	24-4-1907
Antonio Pazos Fontenla		Presidencia	2-12-1909	3-5-1913
Felipe Ruza García		Presidencia	1-5-1915	1-5-1915
Antonio Pazos Fontenla		Presidencia	2-5-1917	2-5-1917
Carlos Casas Medrano		Presidencia	2-8-1919	24-3-1923
José Echevarría Arguindey		Presidencia	2-8-1923	4-1-1924
Daniel de la Sota y Valdecilla		Presidencia	20-1-1924	25-2-1930
Casto Sampedro Folgar		Presidencia	2-2-1930	14-4-1930
Manuel Casas Medrano		Presidencia	14-4-1930	15-4-1931
Amancio Caamaño Cimadevila	C. Xestora	Presidencia	14-4-1931	25-4-1931
Bibiano Fernández Osorio Tafall	C. Xestora	Presidencia	25-4-1931	25-5-1931
Amancio Caamaño Cimadevila	C. Xestora	Presidencia	25-5-1931	11-3-1932
Valentín García Temes	C. Xestora	Presidencia	1-8-1932	31-5-1933
Joaquín Maquieira Fernández	C. Xestora	Presidencia	31-5-1933	5-1-1934
José Viñas del Monte	C. Xestora	Presidencia	5-1-1934	9-10-1935
Ramón Domínguez Ferradás	C. Xestora	Presidencia	28-10-1935	31-12-1935
Luís Fontaiña Serrapio	C. Xestora	Presidencia	31-12-1935	11-3-1936
José Adrio Barreiro	C. Xestora	Presidencia	19-3-1936	20-3-1936
Maximiliano Pérez Prego	C. Xestora	Presidencia	26-3-1936	5-6-1936
Rafael González Fernández-Besada	C. Xestora	Presidencia	24-7-1936	11-8-1937
Javier Puig Llamas	C. Xestora	Presidencia	18-8-1937	27-7-1938

Jacobo Rey Daviña	C. Xestora	Presidencia	7-10-1938	12-7-1939
Luis de Toledo Freire	C. Xestora	Presidencia	9-8-1939	26-6-1942
Rafael Picó Cañeque	C. Xestora	Presidencia	7-7-1942	10-6-1948
Manuel Fontoira Peón	C. Xestora/Pleno	Presidencia	16-6-1948	10-8-1951
Luis Rocafort Martínez		Presidencia	13-9-1951	13-2-1958
Luís Suárez-Llanos Menacho		Presidencia	20-2-1958	13-5-1959
Prudencio Landín Carrasco		Presidencia	24-7-1959	18-3-1963
Antonio Puig Gaité (accidental)		Presidencia	5-5-1963	6-6-1963
Enrique Lorenzo Docampo		Presidencia	12-6-1963	30-4-1970
José Luis Peláez Casalderrey		Presidencia	6-5-1970	26-4-1979
Federico Cifuentes Pérez		Presidencia	26-4-1979	11-6-1983
Mariano Rajoy Brey		Presidencia	11-6-1983	31-10-1986
Fernando García del Valle		Presidencia	10-12-1986	14-8-1987
José Cuíña Crespo		Presidencia	14-8-1987	28-2-1990
César José Mera Rodríguez		Presidencia	30-3-1990	19-7-1995
Manuel Abeledo Rodríguez		Presidencia	19-7-1995	12-7-2003
Rafael Louzán Abal		Presidencia	12-7-2003	17-7-2015
Carmela Silva Rego*		Presidencia	17-7-2015	2019*

*Carmela Silva Rego ocupa actualmente a Presidencia da Deputación e é a primeira muller que desempeña este cargo

ANEXO I

RELACIÓN DE "XEFES POLITICOS" E "GOBERNADORES CIVÍS" DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA (1836-1976)

Nome	Datas
Miguel del Pino	1836
Francisco Javier Martínez (Marqués de Valladares)	1836
Joaquín Pardo (xefe político interino)	1836
Miguel del Pino	1836
José Valladares	1837
Manuel Gutiérrez de Caviedes	1837
Pedro Donoso Cortés	1838
Rafael Pérez de Guzmán el Bueno	1838
José Díez Imbrechts, (interino)	1839
Francisco Javier Carramolino	1839
Manuel Gutiérrez de Caviedes	1840
Rafael Pérez de Guzmán el Bueno	1840
Ramón Novoa	1840-1841
Juan Falomir	1841-1842
José Carlos de la Fuente	1843
Juan Falomir	1843
Ramón García Florez	1843
Ventura Díaz	1843-1844
Antonio Tojo (xefe político interino)	1844
Ventura Díaz	1845
Lorenzo Varela Sarmiento (interino)	1846
Francisco Páez de la Cadena	1847-1848
Joaquín del Rey	1848-1849
Juan de los Santos Méndez	1850-1851
Juan Sáiz de Arroyal	1851
José María Michelena	1852
José María Delgado	1852
José Ramón Ulloa Pimentel	1853
José María Michelena	1853
José María Palarea	1853
Juan Manuel Pereira de Castro	1854
Manuel Somoza y Cambero	1855
Manuel Alcayde	1856
Bartolomé Romero Leal	1856
Luciano Quiñones de León	1856
Francisco del Busto	1857
José Oller Menacho	1858
José (Pedro) María Pardo (interino)	1858
Ramón María Suárez	1858
Marcial Valladares (interino)	1858
Ramón María Suárez	1859
Manuel Núñez de Prado (interino)	1859

Ramón María Suárez	1860
José Corzo	1861
Cosme Arrea	1862
José Mateo de Urrutia	1862
Genaro Alas	1863
Francisco Martínez Mondelo	1863
Vicente Calderón (Conde de San Juan)	1864
Joaquín Maldonado Macanaz	1864
José López	1864
Juan Pérez Rey	1865
Eduardo Gasset y Artime*	1865
Manuel Mosquera (interino)	1865
Ramón de Posada	1866
Manuel Mosquera	1866
Juan Pérez Rey	1866
Daniel Moraza	1867
Antonio Baena	1867-1868
Joaquín Pimentel y Miranda (Marqués de Bóveda)	1868
Vicente Lobit	1868
Indalecio Armesto Cobián	1868-1869
Eugenio Alau Comas	1869
Jose Benito Amado	1869
Baltasar Genme Fuentes	1869
Fausto Garagarza Dugiols	1870-1871
Luís Rivera	1872-1873
Juan Manuel Paz	1873
Pedro Manuel Trobo Cora	1873
Manuel G. Barquín	1874
Luís Rivera	1874
Alejandro Marquina Álvarez	1874
Leandro Pérez Cossío	1875
Francisco Echanove	1875
Alejandro Marquina Álvarez	1875
Víctor Novoa Limeses	1875-1879
Filiberto Abelardo Díaz	1879-1880
Pascual Menéndez (accidental)	1881
Eduardo Matos Santos	1881-1883
Luís Rivera	1883-1884
Sabino González Besada	1884-1885
Fernando Fragoso Lugo	1885-1887
Cobián	1887
Eduardo Matos Santos	1888
Sabino González Besada	1890-1892
Juan Manuel Paz Novoa	1893
Augusto González Besada	1895-1897
Antonio Llamas Novac	1897-1898
Juan Menéndez Pidal	1898-1901
Juan Sáenz Marquina	1901-1902
Manuel Cojo Varela	1902
Fernando Casado	1903

Federico Chápuli	1903
Juan García Gil	1903-1904
Alejandro Cadarso Ronquete	1904-1905
José Boente Sequeiros	1905-1907
Javier de Beránguer	1908-1909
José Boente Sequeiros	1909-1911
Emilio Iñesón Paz	1911
Juan Mora Garzón	1912
Francisco García Valle	1912
Manuel Manrique de Lara	1913
Víctor Ebro Fernández	1913-1915
Emilio Díaz-Moreu Irrisarry	1915-1916
Juan José Cobián Fernández de Córdoba	1916-1917
Luís Tur Palau	1917
Javier Cabello Lapiedra	1918
Luís Muñoz Queipo de Llano	1919
Marqués de Colomina	1920
Francisco Sanz Orozco	1921-1922
Antonio Lloret de Villajosa	1922
Luís Heredia Gil	1922-1923
Manuel Junquera Guerra	1923-1924
Leonardo del Saz Orozco	1924
José Rodríguez Villamil	1925-1926
Alberto Rodríguez Gómez	1926-1927
José Batuecas Maruján	1928-1929
Isidro León Arroquia	1930
Fernando Campuzano Horma	1930-1931
Vicente Varela Radío	1931
José Calviño Domínguez	1931
Manuel Ínsua Sánchez	1931-1932
Ángel del Castillo López	1932-1933
Julio Otero Mirelis	1933
Isidro Liarte Lausín	1933
Víctor Becerra Herráiz	1933-1934
Diego Fernández Gómez	1934-1935
Armando Peñamaría Álvarez	1935-1936
Gonzalo Acosta Pan	1936
Ricardo Macarrón Piudo	1936-1937
Justo Hermida Fernández (interino)	1937
Mateo Torres Bestard	1937-1939
Manuel Gómez Cantos	1939
Francisco García Alted	1939-1940
Francisco Rodríguez Acosta	1940-1943
Genaro Riestra Díaz	1943-1944
Luis Ponce de León Cabello	1944-1948
José Solís Ruiz	1948-1951
Elías Palao Martialay	1951-1956
Alberto Martín Gamero	1956
Rafael Fernández Martínez	1956-1961
José González-Sama García	1961-1965

Ramón Encinas Diéguez	1965-1970
Ignacio García López	1970-1973
Juan Alfaro Alfaro	1973
Manuel Arroyo Quiñones	1973-1974
Fernando Pedrosa Roldán	1974-1976